



Facultade de Fisioterapia

Presentación

As guías docentes recollen información relevante das materias que compoñen o plan de estudos do Grao en Fisioterapia.

Equipo Decanal Centro e Directivo dos Departamentos

EQUIPO DECANAL DO CENTRO:

Decana: M^a Mercedes Soto González

Teléfono: 986 80 17 51 ou 986 80 17 52

Correo: m.soto@uvigo.es

Vicedecana: Iria Da Cuña Carrera

Teléfono: 986 80 17 53 ou 986 80 17 52

Correo: iriadc@uvigo.es

Secretaria: M^a del Rocío Abalo Núñez

Teléfono: 986 80 17 54 ou 986 80 17 52

Correo: rocioabalo@uvigo.es

DEPARTAMENTOS:

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA FUNCIONAL E CIENCIAS DA SAÚDE

EQUIPO DIRECTIVO:

Directora: María del Pilar Molist García

Secretario: Marcos Antonio López Patiño

Sede: Edificio de Ciencias Experimentais. Campus de Vigo.

Correo: depc01@uvigo.es

Teléfono: 986 812646

DEPARTAMENTO DE ANÁLISE E INTERVENCIÓN PSICOSOCIOEDUCATIVA

EQUIPO DIRECTIVO:

Director: Antonio López Castedo

Secretaria: Yolanda Rodríguez Castro

Sede: Facultade de Ciencias da Educación. Campus de Ourense

Correo: xncedou05@uvigo.es

Teléfono: 988 387108

DEPARTAMENTO DE DIDÁCTICAS ESPECIAIS

EQUIPO DIRECTIVO:

Directora: Ángeles Fernández Villarino

Secretario: Javier Blanco Sierra

Sede: Facultade de Ciencias da Educación. Campus de Ourense

Correo: depx05@uvigo.es

Teléfono: 988 387145

DEPARTAMENTO ESTADÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA

EQUIPO DIRECTIVO:

Director: Juan Carlos Pardo Fernández

Secretario: María Ángeles Saavedra González

Sede: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Campus de Vigo

Correo: udeconomicas@uvigo.es

Teléfono: 986 130213

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA INGLESA, FRANCESA E ALEMÁ

EQUIPO DIRECTIVO:

Directora: Helena Cortes Gabaudan

Secretaria: Ana María Bringas López

Sede: Facultade de Filoloxía e Traducción. Campus de Vigo.

Correo: udhumanidades@uvigo.es

Teléfono: 986 813799

Páxina web

<http://fisioterapia.uvigo.es/>

Localización



Facultade de Fisioterapia de Pontevedra

Campus da Xunqueira s/n, 36005 Pontevedra

Teléfono:986 80 17 50

Fax: 986 80 17 80

Correo:sdfisioterapia@uvigo.es

Grao en Fisioterapia

Materias

Curso 4

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
P05G171V01415	Metodoloxía da investigación en ciencias da saúde	1c	9
P05G171V01981	Prácticas externas: Estadías clínicas	An	42
P05G171V01991	Traballo de Fin de Grao	2c	9

DATOS IDENTIFICATIVOS**Metodoloxía da investigación en ciencias da saúde**

Materia	Metodoloxía da investigación en ciencias da saúde			
Código	P05G171V01415			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	González Represas, Alicia García Soidan, María del Pilar Hortensia			
Profesorado	García Soidan, María del Pilar Hortensia			
Correo-e	alicia@uvigo.es pgarcia@uvigo.es			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	Esta materia ten un marcado carácter instrumental estando moi ligada ao traballo de fin de grao. A súa situación no plano de estudos favorece este obxectivo. Os métodos e modelos de investigación son relevantes no campo da Fisioterapia para o exercicio profesional, no que respecta á análise cuantitativa e cualitativa da información. Ademais, proporcionan ferramentas básicas para comprender aspectos da investigación en Fisioterapia. O profesorado da materia pertence o Departamento de Biología funcional e Ciencias da Saúde e o Departamento de Estatística e IO.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A4	Que los estudiantes puedan transmitir información, ideas, problemas y soluciones a un público tanto especializado como no especializado
A5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B4	Adquirir formación científica básica en investigación.
C32	Incorporar a investigación científica e a práctica baseada na evidencia como cultura profesional.
D1	Capacidade para comunicarse oralmente e por escrito en lingua galega.
D2	Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
-Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo	A2 A4 A5
-Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como no especializado.	B4
-Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	C32
-Adquirir formación científica básica en investigación.	D1 D2
-Incorporar a investigación científica e a práctica baseada na evidencia como cultura profesional.	
-Capacidade para comunicarse oralmente e por escrito en lingua galega.	
-Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo	

Contidos

Tema	
Tema 1. Método de investigación científica en ciencias da saúde.	Subtema 1.1 A investigación científica en ciencias da saúde. Subtema 1.2 Tipos de estudos. Subtema 1.3 Calidade metodolóxica e fontes de documentación.
Tema 2. Elaboración do marco de investigación.	Subtema 2.1 O proceso de investigación: etapas do proceso. O marco teórico. Elaboración do informe. Subtema 2.2 As fontes de documentación: búsquedas e recuperación de información científica.

Tema 3. Métodos e modelos de investigación cuantitativa I: tratamento descritivo de datos.	Subtema 3.1 Análise exploratoria unidimensional: táboas, gráficos e medidas descritivas. Subtema 3.2 Análise exploratoria bidimensional: medidas de asociación, covarianza e correlación lineal.
Tema 4. Métodos e modelos de investigación cuantitativa II: tratamento inferencial de datos.	Subtema 4.1 Introducción á inferencia. A variable normal. Métodos de inferencia. Subtema 4.2 Contrastes de hipóteses: test paramétricos e non paramétricos.
Tema 5. Métodos e modelos de investigación cualitativa.	Subtema 5.1 Metodoloxía cualitativa en ciencias da saúde. Subtema 5.2. Deseño de estudos cualitativos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	43	30	73
Prácticas con apoio das TIC	17	34	51
Prácticas de laboratorio	15	30	45
Traballo	1.5	15	16.5
Exame de preguntas de desenvolvemento	1.5	18	19.5
Exame de preguntas obxectivas	0	18	18

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	O profesorado explica os fundamentos teóricos e os exercicios de aplicación nas clases expositivas.
Prácticas con apoio das TIC	O alumnado resolve exercicios prácticos nestas clases interactivas sobre a búsqueda de información científica, a calidade metodolóxica dos estudos, a elaboración do marco teórico, etc., coa axuda do profesorado.
Prácticas de laboratorio	O alumnado afronta nestas clases interactivas a resolución de problemas prácticos de obtención de datos e análise da información con metodoloxía cuantitativa, utilizando programas informáticos (Formularios de Google e RCommander) e coa axuda do profesorado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas con apoio das TIC	Resolución das dúbidas do alumnado sobre o contido traballado nestas clases interactivas. Cada estudante deberá solicitar a atención personalizada mediante titoría da forma que se indica no apartado de avaliación.
Lección maxistral	Resolución das dúbidas do alumnado sobre o contido de teoría e exercicios de aplicación. Cada estudante deberá solicitar a atención personalizada mediante titoría da forma que se indica no apartado de avaliación.
Prácticas de laboratorio	Resolución das dúbidas do alumnado sobre o contido traballado nestas clases interactivas. Cada estudante deberá solicitar a atención personalizada mediante titoría da forma que se indica no apartado de avaliación.
Probas	Descrición
Traballo	Resolución de dúbidas e seguimento dos traballos desenvolto polo alumnado de forma autónoma, como complemento ás clases prácticas. Cada estudante deberá solicitar a atención personalizada mediante titoría da forma que se indica no apartado de avaliación.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticas con apoio das TIC	Cada estudante deberá resolver de forma presencial na aula os exercicios que se propoñan nestas clases interactivas e deberá facer a entrega no prazo que se lle indique.	15	B4 C32 D2
Prácticas de laboratorio	Cada estudante deberá resolver de forma presencial na aula os exercicios que se propoñan nestas clases interactivas e deberá facer a entrega desta práctica antes do remate da clase.	25	B4 D2

Traballo	O alumnado deberá elaborar un traballo en grupo e deberá entregalo no prazo que se estableza dentro do período de docencia presencial. Ademais, cada grupo deberá facer a defensa do traballo na data que o profesorado estableza para este fin dentro do período docente.	10	A2 A4 A5	D1
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame no que o alumnado amosará o seu dominio dos conceptos e técnicas estudados nas sesións maxistras correspondentes aos temas 1-3, a través da resolución das preguntas e exercicios que se propoñan.	30	A2 B4 A5	
Exame de preguntas obxectivas	Exame no que o alumnado mostrará o seu dominio dos conceptos e técnicas estudados nas sesións maxistras correspondentes aos temas 4-5, a través da resolución das preguntas obxectivas que se propoñan.	20	A5 B4 C32	

Outros comentarios sobre a Avaliación

A guía docente desta materia seguirá o establecido no "REGULAMENTO SOBRE A AVALIACIÓN, A CALIFICACIÓN E A CALIDADE DA DOCENCIA E DO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ESTUDANTADO" (aprobado no claustro do 18 de abril de 2023), así como as adaptacións específicas para o Grao en Fisioterapia determinadas pola Xunta de Centro.

Para solicitar atención personalizada mediante titoría, a/o estudante deberá enviar unha mensaxe por correo electrónico á/ao docente, co asunto "Titoría". A/O docente indicarlle a data e a hora asignadas á titoría solicitada tamén mediante unha mensaxe por correo electrónico.

Nos exames desta materia non se permitirá o uso de auriculares, nin de dispositivos con capacidade de acceso a internet. Tampouco se poderán utilizar calculadoras programables, nin calculadoras con capacidade gráfica.

Na plataforma Moovi facilitarase información sobre as titorías, os exames/probas de avaliación e o contido desta materia. É responsabilidade de cada estudante acceder á referida información, así como recompilar toda aquela información específica e complementaria que sexa precisa para superar a materia.

Establécense dous sistemas de avaliación para a primeira oportunidade: avaliación continua e avaliación global. A avaliación por defecto para cada estudante, na primeira oportunidade desta materia, é a avaliación continua. Para que unha/un estudante poda optar á avaliación global nesta materia na primeira oportunidade, deberá renunciar ao sistema de avaliación continua nesta materia e adherirse ao sistema de avaliación global nesta materia, de acordo co procedemento e prazos establecidos polo centro.

A avaliación para cada estudante, na segunda oportunidade e na convocatoria de fin de carreira desta materia, farase mediante avaliación global.

A) Primeira oportunidade

A1) Avaliación continua (100%): En caso de non renunciar á avaliación continua, a/o estudante deberá realizar as actividades e probas que se indican a continuación:

- Prácticas con apoio das TIC: Terán un peso total do 15% na nota final da materia. Cada estudante deberá resolver de forma presencial na aula os exercicios que se propoñan nestas clases interactivas e deberá facer a entrega no prazo que se lle indique. No caso de que unha/un estudante non asista como mínimo ao 50% das horas asignadas a esta actividade ou non acadar unha valoración dun mínimo de 5 puntos sobre 10 nesta actividade, deberá realizar a recuperación da mesma mediante un exame que se realizará na data que se estableza para esta materia no calendario oficial de exames desta convocatoria.

- Prácticas de laboratorio: Terán un peso total do 25% na nota final da materia. Cada estudante deberá resolver de forma presencial na aula os exercicios que se propoñan nestas clases interactivas e deberá facer a entrega desta práctica antes do remate da clase. No caso de que unha/un estudante non asista como mínimo ao 50% das horas asignadas a esta actividade ou non acadar unha valoración dun mínimo de 5 puntos sobre 10 nesta actividade, deberá realizar a recuperación da mesma mediante un exame que se realizará na data que se estableza para esta materia no calendario oficial de exames desta convocatoria.

- Traballo: Terá un peso total do 10% na nota final da materia. O alumnado deberá elaborar un traballo en grupo e deberá entregalo no prazo que se estableza dentro do período de docencia presencial. Ademais, cada grupo deberá facer a defensa do traballo na data que o profesorado estableza para este fin dentro do período docente.

- Exame de preguntas de desenvolvemento: Terá un peso total do 30% na nota final da materia. Neste exame a/o estudante amosará o seu dominio dos conceptos e técnicas estudados nas sesións maxistras correspondentes aos temas 1-3, a través da resolución das preguntas e exercicios que se propoñan. Realizarase nunha sesión de clase desta materia. No caso de que unha/un estudante non acadar neste exame unha valoración dun mínimo de 5 puntos sobre 10, deberá realizar a

recuperación do mesmo mediante o exame que se realizará na data que se estableza para esta materia no calendario oficial de exames desta convocatoria.

- Exame de preguntas obxectivas: Terá un peso total do 20% na nota final da materia. Neste exame a/o estudante amosará o seu dominio dos conceptos e técnicas estudados nas sesións maxistras correspondentes aos temas 4-5, a través da resolución das preguntas obxectivas que se propoñan. Este exame se realizará na data que se estableza para esta materia no calendario oficial de exames desta convocatoria.

Observacións sobre a avaliación continua: Para que unha/un estudante supere esta materia mediante avaliación continua nesta convocatoria, deberá obter como mínimo 5 puntos sobre 10 na nota final desta materia nesta convocatoria, aplicando as ponderacións indicadas. Ademais, deberá acadar unha nota mínima de 5 puntos sobre 10 no exame correspondente ao contido dos temas 1-3 e tamén unha nota mínima de 5 puntos sobre 10 no exame correspondente ao contido dos temas 4-5. Se a nota dalgún destes exames é inferior a 5 puntos sobre 10, a nota final da/o estudante nesta convocatoria será o valor mínimo das notas destes exames.

A2) Avaliación global (100%): O/A alumno/a deberá realizar as probas e exames que se indican a continuación:

- Proba de resolución de exercicios relativos ás prácticas con apoio das TIC: Terán un peso total do 20% na nota final da materia. A/O estudante fará unha proba na que deberá resolver os exercicios que se propoñan sobre o contido traballado nas clases interactivas dedicadas ás prácticas con apoio das TIC. Esta proba se realizará na data que se estableza para esta materia no calendario oficial de exames desta convocatoria.

- Proba de resolución de exercicios relativos ás prácticas de laboratorio: Terán un peso total do 30% na nota final da materia. A/O estudante fará unha proba na que deberá resolver os exercicios que se propoñan sobre o contido traballado nas clases interactivas dedicadas ás prácticas de laboratorio. Esta proba se realizará na data que se estableza para esta materia no calendario oficial de exames desta convocatoria.

- Exame de preguntas obxectivas 1: Terá un peso do 30% na nota final da materia. A/O estudante deberá resolver as preguntas obxectivas que se propoñan neste exame, relativas aos contidos de teoría e exercicios dos temas 1-3. Este exame se realizará na data que se estableza no calendario oficial de exames desta convocatoria.

- Exame de preguntas obxectivas 2: Terá un peso do 20% na nota final da materia. A/O estudante deberá resolver as preguntas obxectivas que se propoñan neste exame, relativas aos contidos de teoría e exercicios dos temas 4-5. Este exame se realizará na data que se estableza no calendario oficial de exames desta convocatoria.

Observacións sobre a avaliación global: Para que unha/un estudante supere esta materia mediante avaliación global nesta convocatoria, deberá obter como mínimo 5 puntos sobre 10 na nota final desta materia nesta convocatoria, aplicando as ponderacións indicadas. Ademais, deberá acadar unha nota mínima de 5 puntos sobre 10 no exame correspondente ao contido dos temas 1-3 e tamén unha nota mínima de 5 puntos sobre 10 no exame correspondente ao contido dos temas 4-5. Se a nota dalgún destes dous exames é inferior a 5 puntos sobre 10, a nota final da/o estudante nesta convocatoria será o valor mínimo das notas destes exames.

B) Segunda oportunidade e fin de carreira: Utilizaranse os mesmos criterios que na avaliación global da primeira oportunidade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bayarre Veá H. Hosford Saing R., **Métodos y técnicas aplicadas a la investigación en atención primaria de salud.**, La Habana: Infomed, 2019

Berenguera A, Fernández de Sanmamed MJ, Pons M, Pujol E, Rodríguez D., **Escuchar, observar y comprender. Recuperando la narrativa en las ciencias de la Salud. Aportaciones de la investigación cualitativa**, Institut Universitari d'Investigació en Atenció Pr, 2014

Moriña D., **Introducción a la estadística para ciencias de la salud con R-Commander**, Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona, 2016

Pardo Fernández J.C., **Bioestadística para a enxeñaría biomédica**, Vigo: Universidade de Vigo, 2023

Bibliografía Complementaria

Argimón Pallás J.M., Jiménez Villa J., **Métodos de investigación clínica y epidemiológica**, 2nd, Barcelona: Ed. Harcourt S.A., 2013

Bowling A., **Research methods in health**, 4th, Open University Press, 2014

Hulley S.B., Cummings, S.R. et al., **Design clinical research**, 4th, Ed. Harcourt S.A., 2013

Tejero González J., **Técnicas de investigación cualitativa en los ámbitos sanitario y sociosanitario**, Cuenca: Universidad de Castilla-La Mancha, 2021

Vitale R., Hermenegildo Caudevilla M., Ferrer Riquelme A.J., **Estadística aplicada al ámbito sanitario**, Valencia: Universitat Politècnica de València, 2022

Recomendacións**Materias que continúan o temario**

Traballo de Fin de Grao/P05G171V01991

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Prácticas externas: Estadías clínicas				
Materia	Prácticas externas: Estadías clínicas			
Código	P05G171V01981			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	42	OB	4	An
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Abalo Núñez, María del Rocío Monge Pereira, Esther			
Profesorado	Alonso Calvete, Alejandra Monge Pereira, Esther Rodil Gargallo, María			
Correo-e	rocioabalo@uvigo.es esther.monge@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Nesta materia o alumnado alcanzar as competencias realizando o Prácticum clínico, sesións clínicas, calrtafois e eeminarios.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B1	Saber traballar en equipos profesionais como unidade básica na que os profesionais e demais persoal das organizacións sanitarias estrutúranse dun xeito uni ou multidisciplinar e interdisciplinar.
B2	Incorporar os principios éticos e legais da profesión á práctica profesional e integrar aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións.
B3	Comunicarse de xeito efectivo e claro, tanto de forma oral como escrita, cos usuarios do sistema sanitario así como con outros profesionais.
C33	Integrar todos os coñecementos, habilidades, destrezas, actitudes e valores, adquiridos en todas las materias, desenvolvéndose todas as competencias profesionais e capacitando para una atención de fisioterapia eficaz con la realización de prácticas preprofesionais en forma de rotatorio clínico independente e cunha avaliación final de competencias nos centros de saúde, hospitais e outros centros asistenciais.
D1	Capacidade para comunicarse oralmente e por escrito en lingua galega.
D2	Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo
D3	Recoñecemento á diversidade e á multiculturalidade
D4	Creatividade, espírito emprendedor e adaptación a novas situacións
D6	Sostenibilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.
D7	Manter unha actitude de aprendizaxe e mellora.

Resultados previstos na materia	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe

-Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo

-Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía

A2 B1 C33 D1
A5 B2 D2
B3 D3
D4
D6
D7

-Saber traballar en equipos profesionais como unidade básica na que os profesionais e demais persoal das organizacións sanitarias estrutúranse dun xeito uni ou multidisciplinar e interdisciplinar.

-Incorporar os principios éticos e legais da profesión á práctica profesional e integrar aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións.

-Comunicarse de xeito efectivo e claro, tanto de forma oral como escrita, cos usuarios do sistema sanitario así como con outros profesionais.

- Integrar todos os coñecementos, habilidades, destrezas, actitudes e valores, adquiridos en todas as materias, desenvolvéndose todas as competencias profesionais e capacitando para una atención de fisioterapia eficaz con la realización de prácticas preprofesionais en forma de rotatorio clínico independente e cunha avaliación final de competencias nos centros de saúde, hospitais e outros centros asistenciais.

-Capacidade para comunicarse oralmente e por escrito en lingua galega.

-Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo

-Recoñecemento á diversidade e á multiculturalidade

-Creatividade, espírito emprendedor e adaptación a novas situacións

-Sostenibilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.

-Manter unha actitude de aprendizaxe e mellora.

Contidos

Tema	
Fisioterapia neurolóxica adultos	Valoración do paciente neurolóxico adulto Tratamento de patoloxías neurolóxicas no paciente adulto
Fisioterapia neurolóxica infantil	Valoración do paciente neurolóxico infantil Tratamento de patoloxías neurolóxicas no paciente infantil
Fisioterapia osteoarticular	Valoración do paciente con patoloxías osteoarticulares Tratamento de patoloxías osteoarticular
Fisioterapia noutras especialidades	Fisioterapia cardiorespiratoria Fisioterapia en el linfedema Fisioterapia en geriatría

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	18	0	18
Estudo de casos	54	98	152
Prácticum, Practicas externas e clínicas	720	139	859
Cartafol/dossier	0	15	15
Práctica de laboratorio	3	3	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia.
Estudo de casos	Análise dun caso clínico, coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e marcar obxectivos e o plan de tratamento.
Prácticum, Practicas externas e clínicas	A/o estudante desenvolve actividades nun contexto clínico relacionado co exercicio profesional do fisioterapeuta.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticum, Practicas externas e clínicas	Titorías de orientación e asesoramento individual previa petición ao docente por correo electrónico
Seminario	Titorías de orientación e asesoramento individual previa petición ao docente por correo electrónico

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Seminario	Realizárase unha observación sistemática do alumnado para recoller datos sobre a participación deste.	5	A2 A5	B2	D1 D3 D4 D6 D7	
Estudo de casos	Valorárase a análise realizada sobre a base do diagnóstico, obxectivos e o plan de tratamento, así como a exposición e defensa do mesmo.	20	A2 A5	B1 B2 B3	C33	D1 D2 D3 D4 D6 D7
Prácticum, Practicas externas e clínicas	Realizárase unha observación sistemática do alumnado para recoller datos sobre a participación deste, baseándose en condutas e en criterios operativos.	49	A2 A5	B1 B2 B3	C33	D1 D2 D3 D4 D6 D7
Cartafol/dossier	O alumnado recolle información sobre as experiencias, proxectos, tarefas e traballos realizados durante o proceso de formación das estancias clínicas.	5		B3		D1 D2
Práctica de laboratorio	O alumnado realizará a valoración, sobre a base desta marcará os obxectivos, o plan de tratamento, e executará o tratamento.	21	A2 A5	B1 B2 B3	C33	D1 D2 D3 D4 D6 D7

Outros comentarios sobre a Avaliación

Tal e como se indica no Regulamento das Prácticas Académicas Externas, Artigo 4. e) Proceso para a avaliación e cualificación das Estancias Clínicas: a nota final da materia Estancias Clínicas estará formada por un 70% de Prácticum clínico, un 20% de sesións clínicas e un 10% de seminarios e portafolio.

- **Prácticum clínico:** realizárase unha valoración sistemática do alumnado onde o/a profesor/a recollerá datos sobre a participación deste, tendo en conta as actitudes e aptitudes adquiridas, tendo un valor do 70% da nota do practicum clínico (49% do total). Ademais, realizárase unha proba práctica ao final de cada rotatorio na que debe realizar a valoración, marcar os obxectivos, establecer o plan de tratamento e executalo, tendo un valor do 30% da nota do Prácticum clínico (21% do total). O/a profesor/a indicará ao alumnado ao final do rotatorio a súa avaliación continua e do exame, incidindo sobre os puntos fortes e febles desta valoración co propósito de que o alumno reflexione e nos seguintes rotatorios poida mellorar os seus puntos febles. A selección do grupo de prácticas por parte do alumnado faise nun período previo a matrícula ordinaria. De non facer esta preinscripción nas datas indicadas o alumnado será asignado ao grupo que a coordinación da materia considere.- **Sesións clínicas:** valorase, por unha parte, a exposición dos casos clínicos tendo en conta a valoración diagnóstica, obxectivos e plan de tratamento, claridade expositiva e a utilización de medios audiovisuais, e, por outra banda, a participación nun debate dos casos clínicos dos seus compañeiros. Ten un valor do 20 % das Estancias Clínicas.- **Seminarios e portafolio:** realizar unha valoración sistemática sobre a participación e interese do alumnado no desenvolvemento do seminario e a realización do portafolio. Ten un valor do 10% das Estancias Clínicas . Ademais, indícase que na Guía docente de cada ano académico establécense os requisitos que a/o alumna/o debe cumprir para superar a materia de Estancias clínicas que son os seguintes:

CRITERIOS PARA SUPERAR A MATERIA: Para superar a materia o alumnado debe realizar as Prácticas clínicas, Seminarios, Sesións clínicas e o Portafolio.

Realizárase control de asistencia mediante sinatura nas Prácticas Clínicas. Por cada falta de asistencia sen xustificar restarase 2 puntos na nota final das Estancias Clínicas.

Nos Seminarios e Sesións clínicas pasarase lista.

O alumnado que suspenda dous ou máis probas prácticas terá opción de recuperalas na segunda convocatoria do mesmo ano académico conservando as notas das outras partes da materia.

DEBERÁ CURSAR DE NOVO A MATERIA:

- Se ten máis dun 15% de faltas nos rotatorios debidamente xustificadas.
- Se ten 3 faltas nos rotatorios sen xustificar.
- Se ten máis dun 15% de faltas nos Seminarios e Sesións clínicas.
- Se ten dous ou máis observacións sistemáticas non superadas.
- Se ten o Portafolio de dous ou máis rotatorios sen entregar.

En cualquiera das convocatorias se o alumnado obten unha calificación numérica superior a 5, pero no cumpre coss requisitos establecidos para aprobar a materia tendrá unha calificación de 4,5 (suspense). En caso de ter calificacións inferiores spondrase a nota obtida.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Meadows, J.T., **Diagnostico diferencial en Fisioterapia**, Madrid: Interamericana. Mc Graw-Hill; 2000,

Porter S., **Tidy. Fisioterapia.**, 14 Ed. Barcelona: Elsevier;2009,

Enciclopedia Medicoquirúrgica. Fisioterapia, Elsevier France; 2003,

Seco J.[Dir.], **Métodos Específicos de Intervención en Fisioterapia. Serie Sistema Músculo-esquelético. Volúmen I**, Madrid: Ed. Panamericana; 2015,

Seco J. [Dir.], **Fisioterapia en Especialidades Clínicas. Serie Sistema Músculo-Esquelético. Volumen II**, Madrid. Ed. Panamericana; 2015.,

Seco J. [Dir.], **Afecciones Médico-Quirúrgicas para Fisioterapeutas. Serie Sistema Músculo-Esquelético. Volumen III.**, Madrid. Ed. Panamericana; 2015.,

Recomendacións

Outros comentarios

Para poder matricularse de Estadías Clínicas, a/o alumna/o ten que ter cursado previamente as materias de Fisioterapia en especialidades clínicas I e Fisioterapia en especialidades clínicas II.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Traballo de Fin de Grao**

Materia	Traballo de Fin de Grao			
Código	P05G171V01991			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	4	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Alonso Calvete, Alejandra			
Profesorado				
Correo-e				
Web	http://fisioterapia.uvigo.es/gl/docencia/traballo-fin-de-grao/			

Descrición

xeral O Traballo de Fin de Grao forma parte do plan de estudos do Grao en Fisioterapia cunha carga lectiva de 9 créditos ECTS

Debe ser un traballo orixinal, realizado de xeito persoal e autónomo polo alumnado, baixo titorización docente, e debe permitir amosar de xeito integrado a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título.

O TFG deberá contribuír ao desenvolvemento das seguintes capacidades:

- Capacidade para definir a metodoloxía dun proxecto e formular un plan de traballo relacionado con algún ámbito de coñecemento do grao.
- Capacidade para realizar o traballo proxectado.
- Capacidade para presentar e defender o TFG

Resultados de Formación e Aprendizaxe**Código**

A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B4	Adquirir formación científica básica en investigación.
B5	Ser capaz de presentar e defender ante un tribunal universitario un traballo de fin de grao, consistente nun exercicio de integración dos contidos formativos recibidos e as competencias adquiridas.
C28	Coñecer e aplicar os mecanismos de calidade na práctica de fisioterapia, axustándose aos criterios, indicadores e estándares de calidade recoñecidos e validados para o adecuado exercicio profesional.
C32	Incorporar a investigación científica e a práctica baseada na evidencia como cultura profesional.
C35	Coñecer e comprender as ciencias, os modelos, as técnicas e os instrumentos sobre os que se fundamenta, articula e desenvolve a fisioterapia.
D1	Capacidade para comunicarse oralmente e por escrito en lingua galega.
D2	Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
-	A2	B4	C28	D1
	A5	B5	C32	D2
			C35	

Contidos**Tema**

O traballo de fin de grao (TFG) será unha revisión bibliográfica sobre calquera tema do ámbito das ciencias da saúde. O traballo debe constar de:

- Portada
- Índice (opcional)
- Resume
- Palabras clave
- Listado de abreviaturas (opcional)
- Introdución/obxectivo
- Material e Método
- Resultados
- Discusión
- Conclusións
- Referencias bibliográficas
- Anexos (opcional)
- Contraportada

Unha revisión debe aportar coñecementos á ciencia, polo que non se recomenda facer unha revisión dun tema xa publicado. No caso de atopar unha revisión bibliográfica nas bases de datos consultadas, o TFG deberá achegar polo menos unha análise do 50% dos novos artigos para evitar duplicidades.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	2	0	2
Presentación	1	14	15
Traballo tutelado	6	202	208

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Terán a finalidade de transmitir os obxectivos da materia, detallar os contidos sobre os que se traballarán e cómo se fará, e aclarar os criterios de avaliación a seguir. É responsabilidade do estudantado acudir ás actividades introductorias para un correcto seguimento do TFG.
Presentación	A/o alumna/o deberá expor en 6/12 minutos o traballo realizado utilizando medios audiovisuais e proceder á súa defensa ante as preguntas do tribunal.
Traballo tutelado	Para a confección do traballo seguirase a normativa aprobada na Xunta de Centro, a cal seralle entregada polo/a seu/súa titor/a ao alumnado, e colgada na MOOVI.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Coa atención personalizada, os/as titores/as atenden e resollen dúbidas, consultas, necesidades do alumnado, sobre o TFG, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Pode desenvolverse de xeito presencial ou de xeito non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).
Presentación	A cada alumna/o asignaráselle un/unha titor/a para a realización e exposición do traballo. Para o correcto seguimento da materia o alumnado tense que dar de alta no Servizo de Teledocencia: MOOVI, e cubrir a ficha virtual: aportando os seus datos e unha foto.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Presentación	Valorarase tendo en conta a defensa ante as preguntas do tribunal (35%).	35	A2 A5	B4 B5	D1 D2	
Traballo tutelado	O traballo valorarase tendo en conta: - A relevancia do TFG (35%) - A adaptación ás normas (15%) - A presentación con medios audiovisuais, a claridade na exposición por parte do alumno e a adaptación ao tempo marcado (15%)	65	A2 A5	B4	C28 C32 C35	D1 D2

Outros comentarios sobre a Avaliación

A Guía Docente do Traballo de Fin de Grao (TFG) cump líméntase coas normativas específicas da Facultade de Fisioterapia e da Universidade de Vigo, así como cos criterios específicos publicados polo/a coordinador/a de TFG.

Tal e como se indica na Memoria de Verificación, para poder realizar a presentación e defensa do TFG o/a alumno/a deberá ter superados todos os créditos da formación curricular, aínda que non estean xeradas as actas. O tempo de presentación do TFG será entre 6 e 12 minutos.

O estudiantado debe ter en conta os criterios cuxo incumprimento supoñen motivo de suspenso, así como as normativas publicadas na plataforma de teledocencia.

Para que a/o alumna/o obteña o informe favorable do/a titor/a é preciso que faga un correcto seguimento do TFG, realice as tarefas e correccións suxeridas polo/a titor/a, asista ás titorías, realice tódalas entregas solicitadas polo/a titor/a e non deixe ningún correo electrónico sen resposta. En caso de non cumprir os requisitos previos o/a titor/a poderá emitir un informe desfavorable.

Co fin de acadar unha carga de traballo semellante nos Traballos de Fin de Grao (TFG) que debe facer o alumnado, ao ser titorizadas/os por diversos/as profesores/as e que haberá varios tribunais xulgadores, é conveniente establecer unhas pautas para a elaboración de dito traballo e para a valoración dos mesmos.

O TFG será unha Revisión bibliográfica sobre calquera tema do ámbito de ciencias da saúde.

Debe constar de:

- Portada
- Índice (opcional)
- Resume
- Palabras clave
- Listado de abreviaturas (opcional)
- Introducción/obxectivo
- Material e Método
- Resultados
- Discusión
- Conclusións
- Referencias bibliográficas
- Anexos (opcional)
- Contraportada

Poderán agruparse os apartados en Resultados/Discusión ou ben en Discusión/Conclusións.

Extensión mínima de 15 e máxima de 20 páxinas de texto sen incluír o título, resume, bibliografía e anexos e seguindo as normas de deseño.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Polgar S, Thomas SA, **Introducción a la investigación en ciencias de la salud**, 6ª, Elsevier, 2014

[PRISMA Group] mohed D, Liberati A, Tetzlaff J, Alrman DC, **Preferred reporting items for systematic reviews and meta-analyses: the PRISMA statement.**, J Clin Epidemiol. 2009 Oct;62(10):1006-12, 2009

Page MJ, McKenzie JE, Bossuyt PM, Boutron I, Hoffmann TC, Mulrow CD, **The PRISMA 2020 statement: an updated guideline for reporting systematic reviews.**, BMJ, 2021

Bibliografía Complementaria

Renart Pita, MA., **Escribir en Ciencias Biomédicas.**, Aran Ediciones, 2006

Vallejo-Nágera JA., **Aprender a hablar en público hoy.**, Planeta, 2013

Recomendacións

Outros comentarios

Só se poderá expor o Traballo de Fin de Grao, para obter o título de Grao, unha vez que se teñan superadas o resto das materias, aínda que non estean xeradas as actas.

O estudiantado deberá seguir tódalas recomendacións do/a titor/a, xa que en caso contrario non se emitirá o informe favorable para superar o TFG.